



Concello de Mugardos

Unidade xestora: 012.000 Servizos á cidadanía

Actividade: Disposicións Normativas

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Código de clasificación: 1.01.01

Expediente: 1740/2023

Trámite: Bando.- Bando informativo

BANDO

D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde do Concello de Mugardos,

FAI SABER

Aínda que non son precisas restricións no subministro de auga, corresponde á veciñanza facer un uso racional e responsable da mesma, e declarada mediante Resolución de data 07.08.2023 da Presidencia de Augas de Galicia a activación do escenario de seca prolongada na unidade territorial de seca 04 Río Mero a Ferrol, é preciso a toma das medidas oportunas para optimizar a xestión da auga para o que se ditan as seguintes recomendacións:

- Realizar o rego de forma suficiente, non excesiva, preferentemente ao anoitecer.
- Non deixar o grifo aberto máis tempo do necesario.
- Utilizar eficientemente a cisterna do baño.
- Ducharse en lugar de tomar un baño, reducindo o tempo da mesma.
- Utilizar a lavadora e o lavalouzas coa carga completa e o programa adecuado.
- Revisar os contadores e vixiar as fugas de auga.
- Reducir os baldeos ao estrictamente necesario.

Prégase e solicítase a máxima colaboración da veciñanza e das empresas consumidoras de auga pública na súa aplicación, intentando racionalizar o seu uso para tarefas esenciais.

Cada xesto contribúe a presentar un uso correcto da auga.

O que se pon en coñecemento do público en xeral.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

O Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba

